



Estimados compañeiros docentes, saúdos moi cordiais.

Informamos dunha actividade a realizar en datas próximas en Ferrol.

ACTIVIDADE PREVISTA.

O día **14 de marzo, sábado**, hai programada unha actividade de formación, que levará por título *Aplicacións e dispositivos móbiles para aula de Relixión. As App educativas na aula*

Será unha actividade **eminente práctica e baseada nos recursos TIC** que todo docente ten ao seu alcance na actualidade.

O esquema da actividade será: unha breve introdución inicial e logo xa obradoiros prácticos durante o resto da xornada, para que todos podan participar en todos eles, divididos por grupos; e ao final unha conclusión xeral e un intercambio de experiencias entre todos. Pode ser realmente proveitable e enriquecedor para todos.

O relator que nos acompañará nesta xornada será o noso compañeiro na docencia **D. Manuel Fernández Álvarez**, Mestre de Relixión na Cañiza (Pontevedra) e verdadeiro coñecedor e experto na utilización dos recursos TIC na aula (App e redes sociais).

Esta actividade terá lugar na *Domus Ecclesiae* de Ferrol, lugar xa de sobra coñecido por todos vós, na rúa Miramar de Ferrol.

INSCRICIÓN NESTA ACTIVIDADE.

Para inscribirse nesta actividade, si fora do voso interese, enviade un correo electrónico a, como sempre, <capeans@edu.xunta.es> indicando o seguinte:

- Título da actividade (ou ben "Curso Ferrol" e xa valería)
- Datos persoais: nome completo e DNI (con letra)
- Datos profesionais: centro de destino, concello, provincia e Diocese.

Xa sabedes que todos os "correos-inscrición" recibidos serán contestados validando dita inscrición. Si alguén non recibe a confirmación nun prazo razoable (catro un cinco días) por favor que volva a enviala e espere confirmación.

LISTAXES OFICIAIS DE ASISTENTES ÁS ACTIVIDADES.

Lembrede todos tamén que agora os asistentes ás actividades teñen que estar inscritos previamente nelas, non inscribirse o día mesmo, pois as listaxes de asistentes teñen que estar pechadas antes. Como data límite, improrrogable, de inscrición, imos poñer o **mércres, 11 de abril**.

E tamén si alguén anotado/a a actividade, sabe seguro que, polo motivo que fora, non poidera asistir á mesma, por favor que envíe outro correo solicitando a baixa na actividade.



OBSERVACIÓNS FINAIS.

Para rematar, permitide unhas **observacións finais moi importantes.**

1.- A todos os inscritos, uns días antes da data da actividade enviaráselles un documento base de todo o que se vai a dar no curso, con indicacións para, quen queira, poder baixar APPs e programas concretos cos que traballar mellor no curso.

2.- Si alguén ten unha tablet, ou mesmo co teléfono móbil e quere utilizado persoalmente durante o curso, poderá facelo perfectamente. O indicado no punto anterior serviralle para vir xa con todo instalado e actualizado no seu dispositivo.

3.- E, por suposto, os dous puntos anteriores son orientativos e informativos. É dicir, que o curso tamén será aproveitable para todo aquel que veña sen nada. **Non é obrigatorio traer ningún dispositivo electrónico pois xa a organización terá todos os recursos e materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.** O único que tendes que traer e ganas de aprender e de pasalo ben dun xeito totalmente práctico e participativo.

Grazas pola vosa atención.

Attme, en Santiago, a 14 de marzo de 2018.

Juan José Capeáns Pazos, Coordinador de formación.